



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.  
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**D E C R E T O S**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se deixa sen efecto a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens afectados polo proxecto de trazado da obra identificativa como variante de Noia.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se autoriza o cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación no campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo, que pasará a denominarse Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Pazo de Cadaval-Urzaiz, no Concello de Nigrán

**A C O R D O S**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Brión para a construción dun novo IES en Brión.



## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para o reintegro de préstamos concedidos a estas polo Ministerio de Educación e Ciencia por Resolución do 14 de decembro de 2005, pola que se adxudican as axudas en forma de anticipos reembolsables para a realización de proxectos de infraestrutura científico tecnolóxica.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para establecer anticipos superiores ao 10% da subvención, no momento da concesión, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións ás organizacións profesionais agrarias para o exercicio 2006.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a modificación do convenio formalizado o pasado 30 de xuño de 2005 entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago para a creación dun aulario de clínicas do campus de Ciencias da Saúde.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se determina o réxime de financiamento de obras de mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Rede de abastecemento parroquias de Cespón e Abanqueiro. Boiro (A Coruña), por un importe de oitocentos sesenta e sete mil cento oitenta euros con corenta e seis céntimos (867.180), cun financiamento do 100% a cargo da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se determina o réxime de financiamento das obras de mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Abastecemento de auga aos núcleos de Grixoa, O Petón, Romar e Berdoias e Padreiro de Arriba e Abaixo. Vimianzo (A Coruña), por un importe de catrocentos corenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros, con oitenta céntimos (449.826,80), cun financiamento a cargo da Xunta de Galicia.



## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Pontevedra para o impulso do Plan de rexeneración integral do arrabalde de Santa María.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL**

- Informe sobre o acordo galego pola igualdade cos medios de comunicación e protocolo contra a violencia de xénero.

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a xestión dos seis meses de Goberno.



## A CREACIÓN DE EMPREGO E O COMPROMISO SOCIAL CENTRAN A ACCIÓN DO EXECUTIVO NOS SEIS PRIMEIROS MESES DE GOBERNO

- *O Consello da Xunta analizou un informe de xestión do primeiro medio ano de Goberno do novo Executivo galego*
- *O Goberno autonómico deu claros pasos a prol da transparencia, da limpeza nos procedementos e no fortalecemento democrático*
- *Os problemas da cidadanía no centro da acción política: impulso á educación e a sanidade*
- *O Goberno asina o primeiro gran acordo comprometido: o Pacto Local*
- *Touriño mantivo encontros ao máis alto nivel con Zapatero, diferentes ministros do Goberno Central, líderes internacionais e responsables da Unión Europea*
- *Destaca o pulo dado á proxección exterior de Galicia, mediante a defensa dos seus intereses en foros europeos ou coa revitalización das relacións coas comunidades veciñas*

O Consello da Xunta de Galicia analizou, na súa reunión de hoxe, un informe-balance de xestión dos seis primeiros meses de Goberno presentado polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O informe recolle as principais accións realizadas por cada departamento do Goberno autonómico neste semestre, encamiñadas ao inmediato cumprimento dos contidos plasmados no pacto de Goberno, que estiveron centradas na creación de emprego e no compromiso social. Así, as accións realizadas neste tempo polo presidente Touriño e os seus conselleiros encamiñáronse á execución das liñas programáticas establecidas no pacto dando claros pasos a prol da transparencia, a mellora da calidade de vida dos cidadáns e o fortalecemento democrático.

Así, as comparecencias do presidente da Xunta no hemiciclo galego e o seu sometemento ás sesións de control no Parlamento convertéronse nunha práctica habitual, o que reflicte o cumprimento dunha promesa lanzada polo propio Touriño no seu debate de investidura, no que se propuxo revitalizar o Parlamento galego para que se convirta no epicentro da actividade democrática do país.

O presidente da Xunta abriu, dende o primeiro día, o diálogo cos axentes económicos e sociais para poñer en marcha un pacto polo emprego. A recuperación do **diálogo social** foi unha das prioridades destes primeiros seis meses. No mes de novembro asinou cos empresarios e sindicatos a *Declaración Institucional polo Diálogo Social en Galicia*, co obxectivo dar resposta ao principal e irrenunciable acción do Goberno: a creación de emprego estable e de calidade.

Pérez Touriño impulsou a sinatura dun acordo histórico a favor do municipalismo, a sinatura do **pacto local** foi o primeiro gran pacto de cooperación asinado entre



administracións, un acordo que garantirá autonomía financeira e mellorará a calidade dos servizos que prestan os concellos aos galegos .

O presidente do Goberno mantivo contactos ao máis alto nivel en defensa dos intereses galegos. Así, pouco despois da súa investidura, reuniuse en Madrid co presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, obtendo o compromiso de que Galicia recibiría un trato especial nos orzamentos. Os mellores orzamentos da historia, que garanten unha inversión do 2,5% por riba do noso PIB.

Pouco despois, participou na II Conferencia de Presidentes, que abordou o financiamento sanitario das comunidades autónomas. A aplicación do acordo acadado na xuntanza permitiu a Galicia dispor de máis de 213 millóns de euros anuais procedentes do Estado para financiar o seu sistema sanitario.

O presidente proseguíu os seus encontros entrevistándose con varios ministros como Jesús Caldera ou María Antonia Trujillo; responsables das institucións comunitarias como a comisaria de Política Rexional, Danuta Hübner, o presidente do Parlamento Europeo, Josep Borrell; o primeiro ministro luso, José Sócrates; ou o presidente de Venezuela, Hugo Chávez.

O interese do presidente por dar un novo pulo á política exterior galega evidenciouse coa súa participación en diferentes foros europeos e internacional. En Bruxelas, Touriño defendeu os principios reitores da política económica da Xunta e acadou o compromiso de manter os fondos estruturais. O presidente da Xunta foi ademais pioneiro en utilizar a lingua galega nas institucións comunitarias, co discurso lanzado en galego no Parlamento Europeo, e participou en Múnic na conferencia da REGLEG.

Así mesmo, foron varias as ocasións nas que o responsable do goberno autonómico se desprazou ao país veciño para promover e intensificar as relacións entre Galicia e Portugal. No Cumio de Évora, acordouse a creación dun grupo de traballo para axilizar a posta en marcha do AVE entre Vigo e Porto. Así mesmo, Touriño apostou por dar un novo pulo á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e á Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

A recente celebración en Compostela do Cumio Galaico-Asturiano, logo de sete anos de inexistencia, evidencia o interese da Xunta en establecer relacións de boa veciñanza coas comunidades máis próximas. Froito deste cumio xurdiron diferentes acordos en materia de infraestruturas, proxección ambiental, turismo, urbanismo, educación ou I + D + i.



### **Reactivación da Comisión Mixta de Transferencias**

O Goberno galego conseguiu, ademais, reactivar a Comisión Mixta de Transferencias entre o Goberno Central e a Xunta. Tras elaborar un documento con 70 novos reclamos competenciais, a Vicepresidencia da Xunta informou ao Consello do Goberno galego da petición destas novas competencias. Froito destas negociacións están a piques de transferirse a Galicia novas competencias, concretamente as relativas ao Instituto Social da Mariña, o Parque das Illas Atlánticas, o seguro escolar e a formación ocupacional.

A vicepresidencia iniciou ademais a creación do Consorcio de Servizos Sociais e Escolas Infantís, que en colaboración directa cos concellos pretende sumar esforzos na creación e xestión dos centros públicos para a terceira idade e a nova rede pública de escolas infantís que o departamento de benestar ten previsto poñer en marcha en breve.

Paralelamente, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destinou, neste primeiro semestre de Goberno, un total de 15 millóns de euros para financiar novas prazas en centros para maiores, menores, persoas dependentes ou escolas infantís. Tamén se aprobou a construción dunha escola infantil nas dependencias da Xunta en Vigo, pioneira en toda a Administración autonómica.

### **Aposta pola transparencia**

No que se refire á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cómpre subliñar a sinatura do Pacto Local coa Fegamp o pasado mes de xaneiro, que permitirá incrementar a autonomía e a capacidade financeira dos concellos, cun aumento do fondo de cooperación local de 24 millóns de euros nos vindeiros catro anos.

Así mesmo, redactouse o anteproxecto da Lei de Transparencia e o da Lei de Función Pública, que serán estudados polo Consello da Xunta en vindeiras datas. Ademais, actualizouse a web institucional da Xunta, cun deseño funcional e moderno que ofrece un acceso máis doado aos usuarios e que permite a realización íntegra de diversos trámites administrativos a través de Internet.

### **Orzamentos cun firme compromiso social**

Despois de que un informe presentado polo conselleiro de Economía e Facenda no Consello da Xunta revelase o alto grao de endebedamento da Administración autonómica, debido aos compromisos orzamentarios adquiridos para os vindeiros exercicios polo anterior Goberno, a Consellería de Economía púxose a traballar nos denominados orzamentos do cambio, que conseguiu presentar no Parlamento en tempo e prazo.



Os orzamentos para 2006 foron definidos polo conselleiro de Economía e polo propio presidente Touriño como “os orzamentos do cambio, a innovación, o crecemento, a educación, o emprego e o compromiso social”, posto que estes son os eixos que os sustentan. As contas da xunta para 2006 suman un total de 9.911,73 millóns de euros e experimentan unha suba dun 9,04 por cento con respecto a 2005. As contas caracterizáronse polo rigor e a transparencia, xa que prescinden da denominada Lei de Acompañamento, tantas veces utilizada para introducir todo tipo de medidas alleas aos propios orzamentos.

### **Ordenación urbanística e seguridade vial**

O departamento dirixido por María José Caride centrou os seus esforzos en realizar unha diagnose da ordenación urbanística do territorio galego. Así, decretou a paralización daqueles plans de urbanismo municipais que non se cinguiran á legalidade. Este departamento traballa ademais na elaboración do Plan de Infraestruturas de Transporte de Galicia e do Plan Integral de Transportes de Galicia.

Por outra banda, asinouse un convenio marco coas empresas operadoras de transporte regular de pasaxeiros para a materialización do Plan de Transporte Metropolitano, ao tempo que se avanza nas conversas para a posta en marcha de dito Plan nas áreas metropolitanas de Santiago, Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo.

A seguridade vial foi outra das prioridades deste departamento, a conselleira de Política Territorial presentou no Consello as bases do Plan de seguridade vial, un plan que abordará de xeito integral tódalas iniciativas destinadas a atallar a problemática da sinistralidade nas estradas, dende a prevención, ata a mellora na resposta da vixilancia e o control.

Política Territorial iniciou o pago das expropiacións anteriores a decembro de 1998, que se eleva a 14 millóns de euros, e que beneficia a 3.256 propietarios, e realiza xestións coa empresa concesionaria da Autopista do Atlántico, AP-9, e o Goberno Central, para a busca dunha solucións ás peaxes de Rande e A Barcala.

### **Libros de texto gratuítos**

No eido educativo, o actual Goberno da Xunta comezou esta lexislatura poñendo en marcha unha iniciativa de fondo calado social e que supuxo a gratuidade dos libros de textos para toda a educación primaria. A Administración educativa destinou 13 millóns de euros a unha medida que beneficiou a 82.000 familias galegas. Tamén no ensino non universitario, a Consellería de Educación iniciou, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), o programa PROA encamiñado a loitar contra o fracaso escolar e atender a diversidade nos centros educativos.



Ademais de promover a estabilidade laboral dos investigadores galegos, a Consellería de Educación está a traballar na elaboración das ordes de convocatoria de axudas destinadas a comprar ordenadores e de bolsas de estudos no estranxeiro dirixidas a alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO). Estas actuacións enmárcanse na política de apoio ás familias que o Goberno galego está a potenciar.

No ámbito universitario e no marco da adaptación dos estudos ao Espazo Europeo, as tres universidades e a Xunta están a configurar a oferta de mestrados a prezos públicos que se porán en marcha xa o vindeiro curso e que suman xa 23 propostas formuladas polas tres institucións galegas.

### **Mais cartos para I + D + i**

O departamento de Innovación e Industria aumentou o seu orzamento para 2006 en máis dun 40 por cento, o que amosa o compromiso do novo Goberno da Xunta por potenciar este área. O departamento que dirixe Fernando Blanco centrou os seus esforzos na implantación de redes de telecomunicacións nos núcleos comarcais e rurais de Galicia.

Ademais, Innovación deus os primeiros pasos para a creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial, traballa na elaboración dun plan de enerxías renovables e renovou a imaxe turística de Galicia no exterior.

### **Eido rural**

Cómpre salientar o acordo acadado entre o departamento dirixido por Suárez Canal con once entidades financeiras para facilitarlles aos gandeiros galegos o adianto do cobro da prima láctea, así como a obtención de créditos en condicións vantaxosas para a adquisición de cota procedente ou ben do Plan de reestruturación do Ministerio de Agricultura ou da compra no mercado libre.

Unha das primeiras materializadas polo conselleiro Suárez Canal foi a modificación da *Lei das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos*. Esta normativa, da que se beneficiarán máis de mil persoas ata 2010, permite a prórroga durante cinco anos máis do réxime xurídico establecido para os arrendatarios e parceiros galegos que posúan un contrato deste tipo desde antes do 1 de agosto de 1942.

Convocáronse tamén diferentes liñas de axudas, como as destinadas aos Plans de reestruturación e reconversión dos viñedos en Galicia, que se ampliou en máis de 3,8 millóns de euros e as de mellora e modernización dos sistemas produtivos, cun orzamento de 53 millóns de euros. E, logo de tres anos de saída, publicouse no DOG a *Orde pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o cese anticipado na actividade agraria e se convocan para o ano 2006. que conta con máis de 25 millóns de euros de orzamento.*





Medio Rural tamén levou recentemente ao Consello da Xunta un informe sobre os criterios que rexeron a elaboración do novo *Plan estratéxico de investimentos no medio rural 2006-2009*, que contará cun orzamento de 80 millóns de euros. Este programa pretende corrixir os desequilibrios históricos e beneficiar sobre todo os concellos con maior vocación agrogandeira e forestal.

### **Redefinición da Cidade da Cultura**

A Consellería de Cultura traballa, arestora, na redefinición da Cidade da Cultura para o que paralizou, temporalmente, as obras en dous edificios do Monte Gaiás. Por iniciativa do propio presidente da Xunta, instouse a diferentes organismos como o Consello da Cultura Galega a presentar un informe con propostas sobre os usos que poderían darse ao complexo.

O Ano da Memoria foi outra das primeiras medidas anunciadas pola conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, que está a tomar corpo nestas primeiras semanas de 2006. A través dun convenio coas universidades galegas, investigárase rigorosa e sistematicamente a represión na Guerra Civil e na posguerra. Está previsto crear o denominado Centro da Memoria para dar resposta á demanda social de coñecer este período histórico e encarar o futuro.

Durante este tempo, Cultura tamén abordou a Lei do Libro que busca potenciar a lectura como factor clave de riqueza económica e cultural.

No eido deportivo, a Consellería auspiciouse a creación da Selección Galega de fútbol, que se estreou o 29 de decembro e San Lázaro. A existencia de combinados deportivos galegos é unha das apostas da Consellería para crear referentes que inciten á mocidade a achegarse á práctica do deporte.

### **Sanidade**

A Consellería de Sanidade centrou os primeiros meses de Goberno na potenciación do carácter público do sistema sanitario; a eliminación das desigualdades nos dereitos e garantías; a xestión eficiente para garantir a sustentabilidade do sistema, a participación e implicación dos profesionais, pacientes e conxunto da sociedade; e a transparencia. Neste último apartado o fito máis importante foi a visualización de máis de 7.000 pacientes que non figuraban nas listas de espera oficiais e acumulaban unha demora superior aos 300 días. Desde setembro publícanse trimestralmente.

Potenciouse a atención primaria, contratando a 38 médicos de familia, 12 pediatras e 25 enfermeiros, para adecuar os ratios de tarxetas sanitarias por médico e incrementar o tempo medio de consulta. Completouse asimismo a oferta pública de emprego extraordinaria convocada no ano 2001, incorporando a 208 médicos e 176



enfermeiras para as urxencias extrahospitalarias e creáronse 92 prazas para as novas unidades de cuidados paliativos. Establecéronse melloras asistenciais como a extensión de analxesia epidural aos hospitais públicos, e preventivas, como a campaña de vacinación antimeningocócica ou o plan ante o hipotético abrocho de gripe aviar.

No apartado de infraestruturas inaugurouse a primeira fase do Plan Director do C.H.U Juan Canalejo en A Coruña, a segunda fase do Arquitecto Marcide, en Ferrol, e a terceira fase do Hospital de Montecelo, en Pontevedra. Adxudicáronse os plans funcionais, plan sectorial de interese supramunicipal e o proxecto de obras da cuarta fase do C.H. de Pontevedra; o plan funcional de Vigo e aprobáronse os plans funcionais de 60 centros de saúde.

### **Plan de repoboación de especies mariñas**

Pesca e Asuntos Marítimos puxo en marcha o Plan de Repoboación de Especies Mariñas no Litoral Galego, co que se pretende recuperar pesqueirías con problemas de stock. Así mesmo, o departamento que dirixe Gallego ampliou a cobertura do seguro colectivo de accidentes no mar aos tripulantes estranxeiros enrolados en buques galegos e estuda a posta en marcha dun seguro de mal tempo.

Ademais, este departamento certificou as perdas sufridas polos bateiros como consecuencia do Prestige. Paralelamente, a Consellería levou a cabo numerosas actuacións para paliar a crise do sector mexilloeiro debido á marea vermela, entre as que destacan axudas por valor de 800.000 euros.

### **Supresión de aproveitamentos hidroeléctricos**

As primeiras accións da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible tiveron que ver coa defensa, recuperación e preservación dos recursos naturais galegos. Ao abeiro deste obxectivo xeral, o departamento de Manuel Vázquez levou a Consello a supervisión de diferentes aproveitamentos hidroeléctricos nas concas de Galicia-Costa. Así, o Consello suspendeu 32 concesións de minicentrales hidroeléctricas. Ao tempo, Medio Ambiente presentou un informe sobre a repercusión no medio dos parques eólicos, especialmente nas zonas naturais protexidas, medida xa adoptada noutras autonomías con moita máis superficie protexida que Galicia.

Por outra banda, este departamento puxo en marcha o Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia, con sede en Lourizán (Pontevedra), orientado a converterse en referente no eido da investigación e predicción ambiental.

### **Emprego de calidade**

O primeiro reto do departamento dirixido por Ricardo Varela foi a recuperación do Diálogo Social, proceso no que xa se están definidas as Mesas Sectoriais. Co



consenso básico dos axentes económicos e sociais, Traballo desenvolveu un decálogo de Medidas Urxentes para o Emprego da Mocidade no 2006, do que se beneficiarán 48.000 mozas e mozos, cun orzamento previsto de 124 millóns de euros.

En colaboración coa Administración Estatal, aprobouse o I Plan Integral de Emprego de Galicia, que estará dotado con 192 millóns de euros no período 2006-2009. Por outro lado, establecéronse medidas para apoiar a inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero e programas de incentivos aos cotitulares de explotacións agrarias.

Ao longo da vindeira semana está prevista a constitución de 15 Comisións Sectoriais de Formación Profesional. Así mesmo, no eido da formación constituiranse dous grupos de traballo para analizar e optimizar o funcionamento das Oficinas dos Servizos Públicos de Emprego, na busca dunha fórmula que propicie unha intermediación laboral máis activa. Este ano é a primeira vez na que se produce a participación real dos axentes económicos e sociais na elaboración das programacións de formación.

### **Plan Galego de Vivenda**

A principal medida promovida pola Consellería de Vivenda foi a elaboración do Plan Galego de Vivenda, aprobado recentemente no Consello da Xunta. Este plano recolle todas as propostas e as axudas en materia de vivenda para a presente lexislatura, así como a aplicación do plan estatal de Vivenda en Galicia.

O departamento de Teresa Táboas traballa no novo Programa de Vivenda en Aluguer, co que se pretende favorecer o acceso a unha vivenda de calidade aos galegos con rendas medias e baixas a través dunha modalidade de aluguera. Tamén se última un decreto polo que se concederán axudas para o remate exterior das vivendas unifamiliares no medio rural.

### **Atención a inmigrantes**

Desde a Secretaría Xeral de Emigración destaca a posta en marcha do Plan de Acción para acollida de inmigrantes, cun orzamento de 2,3 millóns de euros, e conveniado con 104 concellos e entidades galegas. Este plan permitiu executar programas de acollida integral, información, orientación e inserción sociolaboral, interculturalidade, mantemento do emprego, formación en novas tecnoloxías e promoción dunha imaxe positiva da inmigración. Así mesmo, porase en marcha, en breve, o Consello Galego da Inmigración coa implicación de todas as administracións e colectivos implicados.

Na área de emigración, universalízanse por primeira vez os programas, cursos e axudas, o que significa que se pasa dun escenario no que os potenciais beneficiarios



son os socios das entidades galegas, a outro no que o son susceptibles de demandar axudas todos os galegos sen distinción.

**Política lingüística, comunicativa e de acción exterior**

A Secretaría Xeral de Política Lingüística destinou 760.000 euros ao fomento do galego en entidades privadas sen ánimo de lucro e promoveu diferentes cursos gratuítos desta lingua para mestres, residentes no exterior ou persoal da administración, entre outros colectivos.

Doutra banda, a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores sentou as bases do Plan Cuadrienal de Cooperación Exterior, promovido pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, que centra ás áreas xeográficas nas que desenvolverá a Xunta a súa política de axuda ao desenvolvemento.

Desde a Secretaría Xeral de Comunicación, presentáronse os criterios que rexerán a sinatura de convenios entre o Goberno galego e os medios de comunicación e, segundo anunciou o propio presidente, os seus textos terán carácter público.



## A VICEPRESIDENCIA INFORMOU AO CONSELLO DA XUNTA SOBRE O ACORDO GALEGO POLA IGUALDADE SUBSCRITO COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- *O pacto pretende evitar tratamentos discriminatorios con determinados colectivos especialmente vulnerables nas informacións ofrecidas pola prensa*

A loita contra calquera forma de tratamento discriminatorio na prensa cara a determinados colectivos especialmente vulnerables é o obxectivo do *Acordo galego pola igualdade nos medios de comunicación* que esta semana asumiron con grande unidade a Vicepresidencia da Xunta e os representantes dos medios galegos. O departamento que dirixe Anxo Quintana informou o Consello da Xunta na reunión desta mañá do contido deste pacto, subscrito polos seguintes medios: TVG, Radio Galega, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Editorial La Capital, El Progreso, La Región, A Nosa Terra, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, Europa Press, Radio Líder - Punto Radio, Onda Cero, Antena 3, Cadena Cope, Diario de Ferrol, Atlántico Diario, Axencia Galega de Noticias, El Ideal Gallego, Diario de Arousa, Cadena Ser, Localia, Deporte Campeón e ABC.

A continuación reproducése o contido íntegro do texto:

A Xunta de Galicia, a través da súa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e os profesionais e medios de información galegos que asinan esta declaración, desde a convicción de que a liberdade de información constitúe un dereito fundamental e base do pluralismo democrático; desde a conciencia da repercusión específica na formación da opinión pública da linguaxe e imaxes empregadas nos medios de comunicación; libremente acordan:

Afirmar que o benestar das minorías e colectivos vulnerables precisa dunha actitude activa dos medios de comunicación no respecto ao pluralismo social, cultural e político, na loita contra toda clase de discriminación, e a difusión dos valores da convivencia, a dignidade e a tolerancia.

Promover entre os poderes públicos e os medios de comunicación galegos unha actitude ética e profesional de rexeitamento incondicional das condutas violentas, racistas, xenófobas, sexistas e asociais.

Comprometerse a denunciar as opinións, actitudes, comportamentos ou decisións que promovan, inciten ou apoiem o racismo, a xenofobia e a discriminación.



Evitar no tratamento e difusión da información e realizar comparacións desprezativas, insultantes ou prexuízos entre condutas de persoas ou grupos.

Evitar empregar no tratamento e difusión da información termos que perpetúen prexuízos sobre minoría e colectivos e estereotipos insultantes ou desprezativos.

Elaborar toda a información relativa a condutas antisociais ou delitituosas sen vinculala coa pertenza a un colectivo ou minoría do seu autor ou autores, sen prexuízo sempre da información veraz.

Apoiar dende os medios de comunicación galegos coa súa liña de información as políticas de acción positiva contra calquera forma de discriminación.

Prestar, co apoio dos poderes públicos, unha atención especial á vulnerabilidade dos nenos e nenas, persoas maiores, traballadores e traballadoras migrantes en situación irregular, persoas con discapacidade ou persoas de determinada orientación sexual, cuxa desprotección se acentúe polo feito de pertencer a unha minoría.

Prestar atención preferente á desprotección social das mulleres se esta se acentúa polo feito de pertencer a unha minoría.

Promover, co apoio dos poderes públicos, o acceso á información das minorías e a súa participación nos medios de comunicación social.



## **O CONSELLO APROBA UN DECRETO PARA REGULAR A CREACIÓN DE GRUPOS DE TRABAJO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN EN GALICIA**

O Consello da Xunta aprobou un decreto polo que se regula a creación de comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración de Galicia.

Por medio deste texto, dispónse que os órganos competentes para convocar probas de selección de persoal e de provisión de postos, ou procesos relativos ao persoal que requiran o tratamento dun número elevado de solicitudes, poderán nomear comisións ou grupos de traballo. Estes realizarán as funcións auxiliares de carácter técnico e organizativo que lles sexan encomendadas, sen que a súa actuación afecte as competencias e a autonomía dos órganos de selección ou avaliación. Cando o seu cometido sexa o tratamento de solicitudes e documentación, trasladarán os resultados ao órgano competente.

As comisións de traballo estarán compostas por un presidente, un secretario e cinco vogais. Os dous primeiros deberán ser funcionarios, mentres que os últimos poderán ser tamén membros do persoal laboral fixo da Administración. Un dos vogais será elixido por proposta das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación.

### **Alto número de solicitantes**

O elevado número de solicitudes que se veñen recibindo para participar nos procesos de selección e provisión de postos convocados pola Administración, así como a complexidade que presentan algúns eidos como a comprobación dos expedientes dos aspirantes ou a loxística requirida para o seu desenvolvemento, son os factores principais que aconsellan que se poidan constituír estas comisións ou grupos para realizar traballos relacionados coa elaboración das listas de admitidos, co seu tratamento informático ou co desenvolvemento doutras tarefas de carácter instrumental e de apoio aos órganos competentes.

Ademais, na Administración desenvólvense outros procesos nos que existe un alto número de solicitantes, como a repartición do Fondo de Acción Social, nos que tamén resulta conveniente que existan estes grupos, para colaboraren no proceso de resolución.



## **APROBADO O REGULAMENTO QUE DEIXA SEN EFECTO A DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS DA VARIANTE DE NOIA**

- ***A Xunta considera necesario elaborar un novo estudo informativo que responda aos problemas de articulación territorial desa zona***

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza de hoxe, o Decreto polo que se deixa sen efecto a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra variante de Noia.

Desde a Xunta de Galicia considérase necesaria a elaboración dun novo estudo informativo xa que a solución escollida polo anterior Executivo non dá unha resposta axeitada aos problemas que se constatan en canto á articulación territorial da zona afectada e á redución do seu impacto ambiental, así como sobre os recursos naturais.

Segundo os estudos informativos e de impacto ambiental (aprobados en marzo pasado), e o proxecto de trazado (aprobado o pasado mes de xuño), a construción dun viaduto de 1.300 metros sobre a ría de Noia produciría un evidente impacto desde o punto de vista paisaxístico, así como unha influencia negativa sobre a calidade das augas e os recursos mariños da zona.

Ademais, o trazado escollido presenta deficiencias de cara a unha correcta articulación do territorio, xa que non satisfai de forma óptima as necesidades de desenvolvemento socioeconómico das poboacións que están preto da vila de Noia.





## **EDUCACIÓN DESTINA 20.000 EUROS A FINANCIAR O TRANSPORTE DE DOUS ALUMNOS DIMINUÍDOS DO CENTRO DE EDUCACION ESPECIAL DA BARCIA**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 20.028,63 euros a sufragar os gastos de transporte escolar de dous alumnos discapacitados que teñen que desprazarse diariamente desde os seus domicilios en Noia e Muros ao Centro de Educación Especial da Barcia, en Santiago de Compostela. Así o acordou o Consello Galego na súa reunión celebrada esta mañá en San Caetano.

Este servizo educativo está a prestalo a Cruz Vermella Española en Galicia. Neste sentido, a Administración educativa e a Cruz Vermella España veñen colaborando na realización do transporte escolar de alumnos diminuídos aos centros da Comunidade galega. En virtude dese acordo, Educación compensa os gastos derivados deste servizo complementario segundo os importes fixados no convenio.

No entanto, durante a vixencia deste acordo xurdiu a necesidade de transportar ao Centro de Educación Especial da Barcia dous alumnos diminuídos, con domicilios familiares en parroquias illadas de Noia e Muros. Estes estudantes precisan dun transporte adaptado e de servizo de acompañante, e nesta zona só a Cruz Vermella dispón dos medios necesarios para realizar esta prestación.

Este transporte realízase á marxe do convenio asinado entre a entidade sen ánimo de lucro e a Administración educativa, e o investimento que realiza a Consellería de Educación vén sufragar os gastos deste transporte entre decembro de 2004 e o mesmo mes de 2005.



## **AUTORIZADA A NOVA DENOMINACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se autoriza o cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo, que pasará a denominarse Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Segundo recolle o informe do Consello Social da institución olívica, esta nova denominación reflicte con máis exactitude o ámbito das titulacións que se imparten no centro.

Esta facultade foi creada en setembro de 1999 e nela impártense os estudos conducentes aos títulos de mestre nas especialidades de educación infantil, educación primaria, educación musical e educación física e de licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.

Precisamente, este asunto foi un dos puntos do día abordados no Consello Galego de Universidades que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro. Este órgano é o encargado de emitir informe sobre as propostas de creación, modificación e supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas.



## EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DO NOVO IES DE BRIÓN

- *O acordo foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta e asinarase proximamente entre a Administración educativa e o Goberno local deste concello coruñés*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinará máis de 2,5 millóns de euros á construción dun novo instituto de educación secundaria en Brión (A Coruña). Así o recolle o convenio que foi autorizado hoxe polo Goberno galego e que se asinará proximamente entre a Administración educativa e Concello de Brión.

Segundo o acordo de colaboración, unha vez formalizada a cesión dos terreos nos que se edificará o novo centro educativo por parte do Goberno municipal, a Consellería de Educación procederá tramitar a redacción do proxecto, á súa supervisión e a levar a cabo todos os trámites para a contratación, dirección e execución das obras.

O novo centro construírse nun terreo, propiedade do Concello de Brión, denominado Agra de Pedrouzos na parroquia de Brión (San Fins) e cunha superficie de 8.780 metros cadrados. O Goberno local acordou no pleno do pasado 30 de xaneiro ceder este terreo á Consellería de Educación libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos e infraestruturas axeitadas para o servizo educativo.

Unha vez formalizada esta cesión, a Administración educativa tramitará a redacción do proxecto, a súa supervisión e encargarse ademais da contratación, dirección e execución das obras de construción deste centro. A Consellería de Educación financiará todas estas accións achegando 2.570.000 euros, dos cales investirá un millón en 2006 e os restantes 1.570.000 euros en 2007.

O convenio tamén establece que o Concello de Brión facilitará os permisos, licenzas e autorizacións necesarios para levar adiante as obras. Ademais, o Goberno local continuará cos trámites necesarios para culminar o proceso de cesión patrimonial do inmovible do IES Esparís de Brión.



## INNOVACIÓN CONCEDE 22 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA INFRAESTRUTURA CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA

- *Os 22 millóns de euros custearán, entre outras accións, o Centro de Investigacións Biomédicas en Santiago de Compostela, varias actuacións da Cidade Tecnolóxica en Vigo e equipamento de xestión de redes na Coruña*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas para o financiamento de diversas actuacións en materia de investigación e desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas.

O importe total do convenio ascende a 22.045.078,68 euros. Esta achega correspóndese exactamente co importe íntegro dos préstamos concedidos polo Ministerio de Educación e Ciencia ás tres universidades galegas, a través da resolución de 14 de decembro de 2005 pola que adxudicaron as axudas en forma de anticipos reembolsables para a realización de proxectos de infraestrutura científico-tecnolóxica.

En virtude deste convenio, as tres universidades galegas comprométense a adquirir as infraestruturas obxecto deste convenio no período 2005-2007 e a devolver o préstamo concedido polo Ministerio de Educación e Ciencia.

A Consellería de Innovación e Industria financiará, entre outras accións, a construción do Centro de Investigacións Químicas e do Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Santiago de Compostela, a diversas actuacións na Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo e equipos activos e ferramentas de xestión de rede na Universidade da Coruña.

Infraestrutura científica na USC

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá até 2007 unha serie de actuacións que, a seguir, se detallan. Construirase o Centro de Investigacións Biomédicas, no novo Campus da Saúde, partindo da traxectoria e relevancia actual da investigación biomédica na USC e contando coas sinerxías xeradas pola proximidade ao complexo hospitalario. O novo Parque Científico acollerá tamén o Centro de Investigacións Químicas, onde desenvolverán a súa actividade os grupos de investigación máis competitivos nas áreas de química orgánica e inorgánica, así como de química-física e química-analítica

Así mesmo, dada a importancia económica e social da acuicultura para Galicia, dotarase o Instituto de Acuicultura da USC dunha plataforma de equipamentos



científicos que permitan a aplicación de técnicas biotecnolóxicas ao desenvolvemento do cultivo de peixes e moluscos, á seguridade alimentaria e ao mantemento dos recursos mariños. Pola súa banda, equiparase a Escola Técnica Superior de Enxeñaría dunha plataforma de tecnoloxía ambiental, que permitirá ensaiar, validar e darlles difusión a invencións e novos desenvolvementos en sistemas de tratamento ambiental.

A adquisición dun equipamento de cromatografía líquida/espectrometría de masas permitirá a potenciación dun conxunto de liñas de investigación no área neurobiolóxica, como a investigación dos mecanismos moleculares responsables de procesos neurodexenerativos (parkison), o desenvolvemento de terapias para esta enfermidade baseadas en transplantes neuronais e o estudo dos mecanismos moleculares de toxicidade de substancias neuroactivas. O laboratorio de irradiación, pola súa banda, constituirase en servizo á investigación sanitaria e industrial en campos tan diversos como a esterilización de compoñentes, a eliminación de residuos ou o calibrado de sistemas terapéuticos.

A Facultade de Ciencias do Campus de Lugo ampliará e modernizará a dotación técnica dos seus laboratorios de investigación, reforzando a súa capacidade de servizo nun campus cunha marcada vocación sectorial. Ampliarase tamén a cobertura e seguridade da rede de comunicacións da universidade, permitindo así unha maior estabilidade do contorno de traballo do conxunto da comunidade universitaria fortemente dependente dunhas adecuadas infraestruturas no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións .

### **Estudos científicos en Vigo**

A ampliación do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI) posibilitará dispor dunhas instalacións que superen as limitacións técnicas do actual edificio, o potenciamento dos servizos de Excelencia: Determinación Estrutural e Proteómica, Nanotecnoloxías e Análises de Superficies, Microscopía Electrónica e Desenvolvemento Sostible e Calidade Alimentaria, crear os novos Servizos de Litoteca e Medidas e Control de Radictividade, unha maior aproximación aos usuarios, incrementar o nivel de autoservizo e un contacto institucional coas empresas, ofrecendo uns servizos de colaboración que transcendan á obtención de resultados de análises.

A construción do Módulo Tecnolóxico Industrial pretende cubrir as necesidades básicas dos investigadores do ámbito tecnolóxico, que desenvolvan proxectos de I+D con empresas e industrias. Así mesmo, ambiciona ser un escaparate das novas tecnoloxías e un foco de atracción de novos clientes que permita a dinamización da



consecución de fitos tecnolóxicos, creación de centros mixtos universidade-empresa e aproximación das empresas con centros de I+D ao campus.

A construción do Animalario de Cría e Experimentación con fins biosanitarios (UVI-SERGAS) ten por obxectivo satisfacer a demanda existente por parte dos investigadores da Universidade de Vigo e hospitais da rede pública do sur de Galicia e empresas de diversos sectores económicos que requiren de animais de laboratorio de calidade, definidos e controlados sanitaria e xeneticamente.

A actualización, ampliación e mellora da rede de comunicacións da UVI redundará nunha ampliación das súas aplicacións, ademais de garantir a seguridade e a dispoñibilidade da rede, así como adaptarse ás novas tecnoloxías que conformarán a nova rede de investigación nacional (REDIRIS 2). O equipamento para o laboratorio de medidas de radiación electromagnética pretende renovar un equipamento de medida fundamental, o analizador vectorial de redes, mellorar a capacidade de media en cámara anecoica, mediante a construción dunha de maiores dimensións, a dotación dunha cámara de medidas de compatibilidade electromagnética radiada coa cal completar a capacidade de medida de compatibilidade electromagnética conducida, e, por último, a dotación dun vehículo adecuado para a realización de medidas de campo.

A infraestrutura de Nanotecnoloxía e Novos Materiais permitirá a preparación, o procesamento e o estudo de materiais, sobre todo os de dimensións moleculares. O equipamento científico básico para a posta en funcionamento da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla é outra das accións que inclúe este convenio. O equipamento principal inclúe, nas zonas húmidas, tanques de cultivo, contador de partículas, compresor para botellas, autoclaves, sondas, sistemas de filtración e de regulación térmica, e na zona seca, microscopia e análises de imaxe, balanzas, estufas, conxeladores, centrífugas, espectrofotómetros, destiladores e lote de preparación de placas.

Por último, tendo en conta que as empresas agroalimentarias de Galicia son maioritariamente PEME con escasa capacidade técnica que lles impide afrontar en solitario todas as etapas do desenvolvemento de novos produtos, a posta en marcha do Laboratorio de Desenvolvemento de Novos Produtos permitirá ofrecer ao sector produtivo axuda en formulación de novos produtos alimentarios, obtención de novos ingredientes e materias primas, aproveitamento e valorización de subprodutos e residuos.



### **Docencia e tecnoloxía na UDC**

Os proxectos sobre infraestruturas científico-tecnolóxicas que vai desenvolver a Universidade da Coruña dedicaranse a actuacións que permitan incorporar novas capacidades multimedia para o seu uso na docencia e na investigación. As máis destacadas son: equipos activos e ferramentas de xestión de rede para actualizar a tecnoloxía Xigabit das troncais de acceso aos distintos centros da universidade e dos conmutadores de acceso das estacións de traballo; fibra óptica monomodo para backbone intercampus, que permitirá ampliar a capacidade de comunicación nos campus con novas liñas de fibra óptica monomodo e a mellora da infraestruturas de cableado de voz e datos dalgúns centros.



## **MEDIO RURAL DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS Á SUBVENCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS**

A Consellería do Medio Rural aprobou un novo marco regulador para a convocatoria de subvencións ás organizacións profesionais agrarias, para o que destinará neste exercicio un orzamento de 1.080.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou ao departamento dirixido por Suárez Canal incluír nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións ás organizacións profesionais agrarias para 2006 anticipos de ata o 70% do importe das subvencións no momento da súa concesión.

Na orde da convocatoria establécese un marco regulador das subvencións ás organizacións representativas do sector agrario en Galicia co obxectivo de fortalecer a súa implantación e consolidación, como unha medida de apoio institucional en concordancia coa función vertebradora da trama social do medio rural.

A finalidade das axudas establecidas consiste na realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia e dos agricultores galegos en xeral.

Serán obxecto de subvención os custos derivados das actividades que desenvolvan as organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia, tales como funcións de xestión interna das organizacións; representación perante institucións, participación nos órganos colexiados, comisións e mesas sectoriais; formación dos asociados e dos seus familiares e o impulso do asociacionismo agrario.

As organizacións profesionais agrarias representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa achega para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración, mediante a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, así como o constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén na sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.





## **PATRIMONIO DECLARA O PAZO DE CADAVAL-URZAIZ EN NIGRÁN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL**

O Consello da Xunta aprobou na súa sesión de hoxe, por proposta da Consellería de Cultura e Deporte, o decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Pazo de Cadaval-Urzaiz no concello de Nigrán. A Dirección Xeral de Patrimonio remata deste xeito un proceso que se iniciou en maio de 2004 e que posibilita que este pazo acade a máxima categoría de protección. O decreto aprobado hoxe establece a protección do pazo e do seu contorno.

O de Cadaval-Urzaiz é un dos pazos máis sobranceiros da provincia de Pontevedra e un dos mellores conservados. Xa no século XIV existía esta construción, que en diversas partes da casa presenta escudos e brasóns dos Cadaval, Figueroa, Ozores, Montenegro, Ceta, Correa e Urzaiz. Na súa conformación actual é o resultado de intervencións de épocas diversas de alcance e significación dispar. A máis destacada procede de tempos barrocos, etapa na que adquire concreción o núcleo principal do monumento, que exhibe planta en forma de U.

Conforman o edificio un corredor alongado (a parte máis antiga do pazo) que une o costado dereito ao corpo principal. Esta parte do pazo ten planta de tres corpos, un central e dous que se adiantan, e entre eles está situada a escalinata exenta, construída en 1668, así como a balconada que percorre toda a fachada do monumento.

O conxunto tamén o integran un torreón circular, un cruceiro, a muralla que rodea o recinto e unha capela datada antes do 1655. O decreto aprobado hoxe tamén delimita o contorno de protección do Pazo de Cadaval e os bens mobles que inclúe neste novo BIC: un pequeno retablo de finais do século XIX policromado en branco con remates dourados e tallas barrocas de moi boa factura que representan a Virxe do Carme, San Xosé, Santo Antón e dous santos sen identificar.



## **MEDIO AMBIENTE FINANCIA CON 449.826 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUNHA REDE DE AUGA POTABLE EN SEIS NÚCLEOS DE VIMIANZO**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través de Augas de Galicia, iniciará de inmediato as obras para dotar dunha rede de abastecemento de auga potable seis núcleos rurais do municipio de Vimianzo (A Coruña). O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente para a realización e o financiamento destas obras, que custarán un total de 449.826 euros, con cargo aos orzamentos da consellería deste ano.

O prazo de execución desta actuación é de catro meses e consiste en crear unha rede para subministrar auga aos veciños dos núcleos de Grixoa, Petón, Romar, Berdoias e Padreiro de Arriba e de Abaixo. As obras consisten en ramificar a rede existente desde o depósito das Seixas e enlazala coa rede de Berdoias.



## **MEDIO AMBIENTE INVISTE 867.181 EUROS EN DOTAR DUNHA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DÚAS PARROQUIAS DE BOIRO**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través de Augas de Galicia, investirá un total de 867.181 euros en construír una rede de abastecemento de auga nas parroquias de Cespón e Abanqueiro, en Boiro (A Coruña). O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o expediente para a realización e o financiamento destas obras que permitirán dotar dunha rede de distribución de auga a totalidade dos veciños destas dúas parroquias.

O prazo de execución destas obras é de doce meses. O financiamento desta actuación, que asume na súa totalidade a Consellería de Medio Ambiente, establécense en dúas anualidades: 860.000 euros con cargo aos orzamentos deste ano e os restantes 7.180 euros en 2007.



## **APROBADO O CONVENIO POLO QUE VIVENDA FINANCIARÁ CON 4 MILLÓNS DE EUROS O *PLANO DE REXENERACIÓN INTEGRAL DO ARRABALDE DE SANTA MARÍA* EN PONTEVEDRA**

- ***As obras permitirán a renovación integral dos servizos, pavimentación e alumeado da área de actuación e a creación dunha zona residencial con novos equipamentos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Vivenda Solo e o concello de Pontevedra, polo que o departamento que dirixe Teresa Táboas financiará con 4 millóns de euros o *Plano de Rexeneración Integral do Arrabalde de Santa María*, o que permitirá a completa renovación urbana deste arrabalde e de todo o seu contorno coas rúas de Santa María, Arzobispo Malvar, Pardo Bazán, Isabel II, Churruchaos, Galexón de San Bartolomeu, Gacía Alén, Alfonso XIII, Paseo de Colón e Xan Guillherme.

A aportación da Consellería será en dúas anualidades por importe de 2.030.000 de euros con cargo aos orzamentos de 2006 e 2007, mentres que o Concello de Pontevedra aportará 1.390.323 euros. O convenio de colaboración entre ambas administracións asinarase nos próximos días, entre Teresa Táboas e o alcalde da cidade, Miguel Anxo Fernández Lores.

As obras consistirán na renovación integral dos servizos, pavimentación e alumeado, e así lograr unha ampla zona residencial con áreas de descanso cos equipamentos necesarios. Igualmente, o convenio recolle como obxectivos a creación de novas redes, tanto de saneamento como de auga potable, a substitución do alumeado público por outro máis acorde co novo tratamento da área e a proxección de equipamento de mobiliario urbano encamiñado a acadar unha alta calidade urbana do entorno.

Táboas salienta a necesidade de “contribuír a crear unha cidade compacta con intervencións de renovación non só no centro histórico senón tamén no ensanche, onde os espazos colectivos son de baixa calidade”. A conselleira de Vivenda e Solo explica que existe un parque inmobiliario que ven dos anos sesenta e setenta, produto dun desenvolvemento económico moi rápido que provocou unha gran cantidade de vivenda pero cunha baixa calidade dos espazos públicos.

“É moi importante a renovación deses espazos colectivos, para humanizalos e facer atractivos eses ensanches”, explica Táboas, que é a pretensión deste convenio entre Concello de Pontevedra e a Consellería, que salienta o valor patrimonial e etnográfico do denominado Arrabalde de Santa María.



Unha comisión integrada por representantes de ambas administracións fará un seguimento e correcta interpretación do convenio.